
O Metal está a dar unha lección de loita

HAI FORZA DABONDO PARA GAÑAR UN BO CONVENIO!



Hoxe, miles de traballadores e traballadoras do Metal de toda a provincia enchemos as rúas da Coruña. Esta manifestación é unha nova demostración de forza e un paso adiante importante na loita por un convenio digno. Tralo gran éxito das xornadas de maio, os paros desta semana confirmaron o que xa sabiamos: cando os 18.000 traballadores do Metal paran, non hai patronal que resista.

Desde a Sección Sindical Unitaria da CGT en Navantia trasladamos todo o noso apoio e solidarieda-

de a esta loita exemplar, que tamén é a nosa. Sabemos ben, porque botamos anos pelexando polo noso convenio, que a loita é o único camiño para conseguir dereitos.

**A folga funciona por iso a patronal
empezou a moverse**

Como consecuencia do tremendo éxito das mobilizacións, e sobre todo dos paros desta semana, a patronal do Metal ferrolán viuse obrigada a convocar

de novo a mesa de negociación do Plus de Navantia (específico dos que traballan para Navantia, pero incluído no convenio provincial).

Pero que ninguén se engane: non é boa vontade, é a forza da folga a que os senta na mesa. Hai que incrementar a presión para sentar a toda patronal, non só a ferrolá.

Convén lembrar de onde vimos. Na reunión do día 2, a patronal mantiña unha oferta dun mísero 12% en 5 anos, cando nos 5 anos precedentes o IPC subiu un 23%. A súa resposta á plataforma sindical (13,6% acumulado en 3 anos, cláusula de revisión sen topes nin cruces, redución de xornada, control da contratación para frear os abusos das ETT e dos fixos-descontinuos, e extensión da subrogación) foi a **chantaxe**: ameazar con eliminar a retroactividade a 1 de xaneiro de 2026 se non se asinaba en xuño, suspender a reunión do día 4 e negarse a fixar data para unha nova negociación. A esa provocación respondeuelle como había que responder: parando todo.

Razóns e forza non faltan

O **empobrecemento** da clase obreira é un feito, e o IPC nin sequera o reflicte de verdade. Mentres nos afogan, a patronal enche os petos de xeito obsceno: ASIME recoñece que o metal galego pechou 2024 cun incremento na facturación **superior ó 10%**, e diversos informes económicos sitúan a industria da provincia como unha das máis rendibles de todo o Estado.

A iso hai que sumar a enorme carga de traballo: no naval militar, **a propia patronal di que necesita xa varios miles de traballadores**, e na ría de Ferrol anúnciase a implantación dun **fabricante de vehículos eléctricos que suporía 2.300 novos empregos**.



Este é o contexto no que estes parasitos se atreven a facer chantaxes e lanzar ultimatós. A correlación de forzas é moi favorable: sería imperdoable non aproveitála.

Incrementar a presión ata gañar

A patronal vai xogar a cansarnos e dividirnos. A resposta ten que ser a contraria: golpear máis duramente a produción; endurecer as medidas de non colaboración para que entre folgas non se recuperen os atrasos (cero horas extra, cero dispoñibilidade); organizar mellor os piquetes para cubrir as principais instalacións en toda a provincia sen queimar sempre os traballadores máis combativos; e multiplicar as asembleas nas que se explique e se decida cada paso. Deste xeito, se a patronal non cede, chegaremos ás xornadas do 16, 17 e 30 de xuño e do 2 de xullo cunha loita moito máis dura para a patronal.

Neste senso, o convenio do Metal de Pontevedra déixanos unha lección que debemos ter moi presente: tras tres días de folga, asinouse un preacordo por arriba, coa CIG fóra e sen que os traballadores tivesen a opción de decidir en asembleas. Non podemos permitir que ese guión se repita. Por iso o dicimos con claridade: **a unidade da loita non pode confundirse cun cheque en branco. Ninguén pode decidir polos traballadores!**

Precisamente porque a folga está a ter unha forza enorme, sería un erro grave aceptar unha saída precipitada ou unha sinatura sen consultar cos traballadores. Cada organización terá que explicar que defende, pero **a decisión final sobre calquera preacordo debe tomarse en asembleas xerais, abertas e vinculantes**. Se a patronal quere dividir, cansar ou comprar unha paz social barata, a mellor resposta é máis democracia obreira: información clara, debate colectivo e votación directa dos traballadores. O que se gañou coa forza de todos non pode verse comprometido pola decisión duns poucos.

**O convenio é de todos,
as asembleas deciden!
Adiante!
Esta loita ímola gañar!**